

CONCURSO

II PREMIO DE RESTAURACIÓN SOSTIBLE DE ESPAZOS MINEIROS

ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE MINAS E ENERXÍA (EME)
UNIVERSIDADE DE VIGO

Que facer cunha canteira en desuso? Podemos darlle algunha finalidade ao oco deixado? Como integralo na trama urbana se esta canteira está próxima a un núcleo urbano? Darlle algún uso é viable?

Para dar resposta a estas cuestións, a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía (EME) da Universidade de Vigo, que imparte as titulacións de Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos e en Enxeñaría da Enerxía, organiza en colaboración co grupo empresarial Canteras ARE, o **II PREMIO DE RESTAURACIÓN SOSTIBLE DE ESPAZOS MINEIROS**.

OBXECTIVOS

Os/as participantes deste premio desenvolverán un proxecto que propoña unha **solución viable dende o punto de vista técnico, económico, social e medioambiental**, a partir do aproveitamento do espazo do oco dunha canteira, con **dúas condicións básicas**:

- Desenvolvemento de solucións que posibiliten **usos sociais** no volume do interior da canteira.
- Solucións arquitectónicas e paisaxísticas destinadas á **redución do impacto visual e medioambiental** actual do espazo exterior da canteira.

ÁMBITO DE ACTUACIÓN

Trátase da restauración do oco creado pola explotación de áridos da **Canteira Richinol**, explotado polo grupo empresarial **Canteras ARE**. A canteira está ubicada nas inmediacións de Melide (A Coruña). Accédese por unha pista asfaltada que entronca a 2 km na estrada Melide-Agolada, á súa marxe esquerda (Estrada Melide-Agolada, S/N 15800 Melide, A Coruña).

Referente á xeoloxía, trátase do grupo de **rochas básicas e ultrabásicas** denominadas “Complexo de Melide”. Son anfibolitas, rochas metabásicas do Precámbrico Algonquico da serie de Ordes na zona Galicia Central Tras os Montes. A roca principal é anfibolita. Outras rocas que poderían atoparse serían: piroxenitas, peridotitas e serpentinitas.

É unha explotación ao descuberto na ladeira da montaña a cal, unha vez retirada a monteira (capa superficial de entre 1 e 2 metros) recompilada para a súa utilización nas labores de restauración previstas, explótase en bancos de 10 metros de alto aproximadamente. O traballo de arranque desta pedra efectúase coa utilización de explosivos.



Para facilitar o desenvolvemento do proxecto, na web da EME, facilitarase **información** da explotación de diversa índole e formato:

- Fotografías (diversas vistas da explotación).
- Google Maps (localización en Google Maps).
- Vista Aérea (voos con dron sobre a explotación).
- Oco Mineiro (mapas topográficos en .pdf).
- Oco Mineiro (.dxf para AutoCAD).

- Modelo Dixital do Terreo (.dxf para AutoCAD).
- Ortofotos (.jpgw para xeo-referenciar).
- Guía de Restauración (pautas e exemplos de restauración).
- Informe do Censo Mineiro (información sobre a explotación).

PARTICIPANTES

Existen **TRES** categorías:

1ª CATEGORIA: **ESTUDANTES DE 3º-4º ESO, BACHARELATO E CICLOS FORMATIVOS.**

2ª CATEGORIA: **ESTUDANTES UNIVERSITARIOS.**

3ª CATEGORIA: **ESTUDANTES UNIVERSITARIOS DE GRAOS EN ENXEÑARÍAS DE MINAS E ENERXÍA.**

A través deste concurso, o estudantado das diferentes categorías e niveis, terán a oportunidade de poñer en práctica os seus coñecementos relacionados coas **ciencias da Terra e medio ambiente, a bioloxía e xeoloxía, a química, a economía, o debuxo técnico, a tecnoloxía...** mesturados con diferentes habilidades como **análise e resolución de problemas, creatividade, deseño, traballo en equipo...**

Os proxectos deberán realizarse por equipos, cun máximo de **6 integrantes por grupo**. No caso de ESTUDANTADO DE ESO, BACHARELATO E CICLOS FORMATIVOS, os equipos deben ir **liderados por un/unha docente** do centro educativo ao que pertenza o alumnado.

Ningunha persoa poderá participar en máis dun equipo, excepto o/a docente do centro educativo. Só se permite presentar unha proposta por equipo.

INSCRIPCIÓN

Realizarase a inscrición mediante presentación dunha ficha convenientemente completada que se atopa na dirección <http://minasyenergia.uvigo.es/gl/escola/divulgacion/concurso-de-restauracion>, ou tamén no **Anexo I** deste documento.

A presentación da ficha de inscrición poderase realizar de xeito **presencial** ou mediante **correo postal** na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, Universidade de Vigo, Campus de Vigo, 36310, Vigo (Pontevedra), ou **vía telemática**, enviándoa ao correo **eme.internacional@uvigo.es** ata o **15 de decembro de 2018**.

Ata o **15 de febreiro de 2019**, cada equipo deberá confirmar que segue adiante coa proposta presentada. Unha vez sexa confirmada a continuación por parte dos equipos participantes publicarase, na web da EME, un listado cos datos de cada proxecto.

A inscrición no concurso é gratuíta. O concurso poderá ser anulado se non se presenta un mínimo de proxectos.

CONTIDO DAS PROPOSTAS

A imaxe final do proxecto, unha vez desenvolto, pode presentarse en calquera tipo de **soporte e material**: maqueta, impresión 3D, planos 2D, SIG, fotografía, debuxo, perspectivas a man, fotomontaxes, etc.

As **dimensións máximas** do proxecto serán de **2x2 metros**, independentemente do formato de presentación.

Débese presentar unha **memoria explicativa** do proxecto que inclúa: información relativa aos materiais e elementos a utilizar, as propostas de uso, o deseño e solucións tecnolóxicas, arquitectónicas e/ou paisaxísticas necesarias para a súa funcionalidade.

En calquera caso, a **información** contida deberá ser suficiente para permitir valorar o resultado estético final, a funcionalidade dos distintos espazos e a súa viabilidade técnica e económica.

PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS

Os proxectos a concursar deberán ser entregados/montados na EME con fecha límite **luns 1 de abril de 2019**. O transporte ou envío das propostas á EME será por conta e risco dos grupos participantes.

O día do concurso, **venres 5 de abril de 2019**, o equipo expoñerá á comisión avaliadora o seu proxecto. Será indispensable a presenza da persoa docente responsable do equipo e de polo menos dous dos seus integrantes.

Cada proxecto debe ter rotulado nun lugar visible do mesmo:

- a. O título do proxecto.
- b. Nomes dos/das integrantes (incluído o/a docente).
- c. Nome do centro ao que pertencen os/as integrantes.

d. Categoría á que se presenta.

Todos os proxectos presentados pasarán a ser propiedade da EME, quen se reserva o dereito de publicalos ou difundilos nos medios ou formatos que considere oportunos.

A participación no concurso implica o consentimento tácito de todas as persoas participantes para a difusión e divulgación das imaxes, vídeos e documentación relativos ao evento.

AVALIACIÓN

Nomearase unha comisión avaliadora, a cal será encargada da avaliación e adxudicación de premios entre as propostas presentadas.

Estará formada por un/unha técnico/a da canteira, un/unha profesional especialista en restauración, un/unha membro do Persoal Docente e Investigador da Universidade de Vigo e dous/dúas alumno/as (un/unha por grao impartido na EME).

Os proxectos serán inspeccionados pola comisión avaliadora antes do concurso para asegurar que todos os deseños cumpran coas normas establecidas nestas bases. Os deseños con incumprimento das bases serán rexeitados.

A **avaliación** das propostas realizarase seguindo os seguintes criterios:

- **40% Deseño estético e orixinalidade** do formato de presentación.
- **40% Calidade e contido** da memoria presentada.
- **20% Exposición** do proxecto.

PREMIOS

Entregarase un DIPLOMA e un CHEQUE ao equipo gañador de cada categoría por un valor de 200 €.

- **1ª CATEGORÍA:** cheque para trocar por material escolar para o centro educativo.
- **2ª CATEGORÍA:** cheque para trocar por material informático, audiovisual ou tecnolóxico.
- **3ª CATEGORÍA:** cheque para trocar por material informático, audiovisual ou tecnolóxico.

Adicionalmente, os equipos participantes e presentes na EME o día do concurso recibirán un agasallo pola súa participación.

Animádevos y demostrade que entendedes de sustentabilidade!

ANEXO I	
FICHA DE INSCRICIÓN:	
II PREMIO "RESTAURACIÓN SOSTIBLE DE ESPAZOS MINEIROS"	
ORGANIZADOR:	
ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE MINAS E ENERXÍA. UNIVERSIDADE DE VIGO	
TÍTULO DA PROPOSTA DO PROTOTIPO:	
NOME DO CENTRO EDUCATIVO:	
NOMBRE DO/A DOCENTE COORDINADOR/A DO CENTRO EDUCATIVO:	
LOCALIDADE E DIRECCIÓN DO CENTRO EDUCATIVO:	
ALUMNADO PARTICIPANTE DA PROPOSTA:	
1	
2	
3	
4	
5	
6	
LUGAR E FECHA DE INSCRICIÓN:	FIRMA DO/A RESPONSABLE:
	Fdo.:

A presentación da inscrición realizarase de xeito presencial ou mediante correo postal na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía. Universidade de Vigo. Campus de Vigo. 36310, Vigo (Pontevedra) ou vía telemática enviándoa ao correo eme.internacional@uvigo.es, ata o 30 de novembro de 2018.

